

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA			
CÓDIGO			
MATERIA	Percepción Visual e Perspectiva II		
DISCIPLINA	Técnicas de representación		
TITULACIÓN	Técnico Superior en Arte Dramática		
ESPECIALIDADE	Escenografía		
ITINERARIO			
CURSO	1º	CUADRIMESTRE	2º
CRÉDITOS ECTS	5		
CARÁCTER	Obrigatoria		
DEPARTAMENTO	Escenografía		
CENTRO	Escola Superior de Arte Dramática de Galicia		
COORDINADOR/A			
DOCENTE	Nome e apelidos: María Sarmiento Rivas Horario titorías: Ver Web ESAD Despacho: Aula P11 Contacto: mariasarmiento@edu.xunta.es		
DESCRIPCIÓN	Coñecemento e afondamento dos principios da teoría da percepción para a comprensión dos procesos perceptivos: forma e significado. Desenvolvemento da capacidade de observación e comparación dos elementos visuais. Principios de composición. Coñecemento e utilización da perspectiva aplicada ao debuxo artístico e ao deseño do espazo escénico. Análise práctica das formas artísticas en relación coa historia das artes.		
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os acadados en Percepción Visual e Perspectiva I.		
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input type="checkbox"/> Castelán <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/>		
2. COMPETENCIAS. DECRETO 179/2015, do 29 de outubro.			
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DA TITULACIÓN			
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.		
T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala axeitadamente.		
T6	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersonal.		
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.		
T11	Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara á diversidade.		
T12	Adaptarse, en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.		
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.		
T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.		
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social verbo da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e na súa capacidade de xerar valores significativos.		
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN			
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento das ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para automotivarse e organizarse nos procesos creativos.		
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.		
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.		
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.		
X7	Valorar a arte dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas cales comparte obxectivos e retos.		
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE			
EE1	EE1. Concibir as ideas e propostas que fundamentan a creación do deseño, explorando a dinámica do espazo, do corpo e da luz, valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.		
EE2	Proxectar a composición do deseño a través do uso do coñecemento dos procedementos técnicos e de representación.		
EE3	Planificar e facer o seguimento do proceso de realización da creación, aplicando as metodoloxías de traballo pertinentes.		
EE5	Estudar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.		
3. OBXECTIVOS PARA PERCEPCIÓN VISUAL E PERSPECTIVA II		COMPETENCIAS VINCULADAS	
1.	Familiarizar ao alumnado nos procesos de percepción e a relación destes coa comunicación icónica.	T8, T11, X6, EE5.	
2.	Coñecer no seus aspectos teóricos e prácticos os diferentes elementos que interveñen na percepción visual.	T8, T13, EE1, EE3.	

3.	Aprender a terminoloxía propia desta materia.	T8, T13, X1, X7.	
4.	Aplicar os coñecementos adquiridos a situacións prácticas.	T1, T2, T12, T14, T17, X3.	
5.	Comprender o proceso fisiolóxico e neurolóxico que ten lugar na experiencia da percepción visual.	T6, T8, EE3 .	
6.	Aplicar os coñecementos adquiridos no eido da percepción visual ao da perspectiva, e viceversa.	T1, T2, T8, T14, X5, X6, EE3.	
7.	Coñecer diferentes perspectivas e o xeito de aplicación de cada unha delas.	T12, X1, X6, EE2, EE5.	
8.	Ser quen de facer un bosquexo do natural acadando un resultado fiable en canto á representación da profundidade.	T6, T13, X5, EE1.	
9.	Empregar a perspectiva como instrumento á hora da elaboración do bosquexo escenográfico de ambiente.	T14, T17, X5, X7, EE2.	
10.	Desenvolver a capacidade de análise sintético e estrutural (<i>apuntes, bosquexos e esquemas</i>) mediante a introdución de estudos temáticos do natural como referencia.	T1, T2, T17, EE2, EE3, EE5.	
11.	Desenvolver habilidades compositivas tridimensionais en diversas técnicas cunha autodisciplina de traballo exacto e limpo.	T1, T11, T13, X1, X3, EE1, EE5.	
12.	Facilitar a lectura espacial das formas utilizando medios expresivos como perspectivas, sombras, e a súa aplicación.	T13, X5, EE1.	
4. CONTIDOS PARA PERCEPCIÓN VISUAL E PERSPECTIVA			
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS	
1. Fundamentos da perspectiva cónica.	1.1. Introducción e xeneralidades. 1.2. Elementos da perspectiva cónica. 1.2.1. Planos. 1.2.2. Puntos. 1.2.3. Liñas. 1.2.4. Distancias. 1.3. Cono visual. 1.4. Elección de datos. 1.4.1. Posición do punto de vista. 1.4.2. Altura do punto de vista. 1.5. Colocación do plano do cadro.	9	
2. Percepción espacial.	2.1. Concepto de percepción espacial. 2.2. Indicadores de profundidade. 2.3. A organización do espazo: relacións topolóxicas e métricas. 2.4. Factores monoculares e binoculares na percepción espacial.	7	
3. Unha aproximación ao estudo da percepción.	3.1. Leis da Gestalt 3.2. Ilusións ópticas e espazos ilusorios.	4	
4. Perspectiva cónica práctica.	4.1. Perspectiva frontal ou dun punto de fuga. 4.1.1. Dimensións perspectivas. 4.1.2. Perspectiva de figuras planas. 4.1.3. Volumes básicos. 4.2. Perspectiva oblicua ou de dous puntos de fuga. 4.2.1. Dimensións perspectivas. 4.2.2. Métodos perspectivados. 4.2.3. Perspectiva lineal de figuras planas. 4.2.4. Perspectiva lineal de volumes. 4.3. Perspectiva aérea.	28	
5. Percepción da cor.	5.1. Evolución histórica da cor. 5.2. Psicoloxía e simbolismo da cor. 5.3. Os esquemas de cor. 5.4. A luz e a percepción do espazo. 5.5. A cor na arte e no espazo. 5.6. Perspectiva e cor. 5.7. Bosquexos de atmosfera.	9	
6. A imaxe visual.	6.1. A composición visual. 6.2. O soporte da imaxe visual. 6.3. O xogo visual: imaxe, realidade e verdade. 6.4. Análise de imaxes.	6	
7. A percepción do espazo nas artes.	7.1. O espazo representado no cine e no teatro. 7.2. O espazo público e o "site specific". 7.3. O corpo e o espazo na danza. 7.4. O espazo pictórico en Pollock: a pintura de acción.	8	
TOTAL SESIÓNS		104	
5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
ACTIVIDADES	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL
Actividades introdutorias	2		2
Exposición práctico-teórica	50		50
Traballo de aula	50		50

Traballo autónomo		26	26
Titorías individuais		8	8
Titorías de grupo		10	10
Actividades de avaliación. Entregas	2		2
Actividades de avaliación. Revisión		2	2
TOTAL	104	46	150

6. METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Resolución de problemas e/ou exercicios.	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante o traballo con todo tipo de variables que permitan considerar diferentes posibilidades de resolución do problema ou do exercicio.
Traballo de aula	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión da profesora. O seu desenvolvemento pode estar vinculado con actividades autónomas do estudante.
Prácticas en aula de informática	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas, e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo, desenvolvidas en aulas de informática.
Saídas de estudo/prácticas de campo	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en espazos non académicos exteriores. Entre elas pódense citar prácticas de campo, visitas a eventos, teatros, auditorios, salas de concertos, festivais, centros de investigación, empresas, institucións... de interese académico-profesional para o alumnado.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma. Ensino baseado en proxectos de aprendizaxe: Método no que os estudantes levan a cabo a realización dun proxecto nun tempo determinado para resolver un problema ou abordar unha tarefa mediante a planificación, deseño e realización dunha serie de actividades.

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Titorías individuais	Sesións onde a profesora e o estudante revisan e aclaran as dúbidas concretas sobre os contidos relacionados co desenvolvemento da materia ou o desenvolvemento dos traballos.
Titorías de grupo	Entrevistas que o grupo mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

8.1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Traballo de aula	T15, T17, X4.	60%
Traballo autónomo	T13, EE1, EE2, EE5.	40%

8.2 Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Traballo de aula suspenso ou non presentado.	T15, T17, X4.	60%
Traballo autónomo suspenso ou non presentado.	T13, EE1, EE2, EE5.	40%

8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Traballo de aula proposto ao longo do cuadrimestre.	T15, T17, X4	25%
Traballo autónomo proposto ao longo do cuadrimestre.	T13, EE1, EE2, EE5.	25%
Exame práctico.	T6, T13, X3, X4, EE1, EE2, EE5.	50%

9. Criterios de avaliación aplicables. DECRETO 179/2015, do 29 de outubro.

AT3, AT4, AT6, AT9, AT10, AT14, AT15, AT16, AX1, AX3, AX4, AX5, AX9, AX10, AX20, AX28, AX29, AE1, AE7, AE8, AE9, AE10, AE13, AE14.

10. BIBLIOGRAFÍA

Referencias básicas (Percepción visual)

- BACHELLARD, Gastón, La poética del espacio, México, Fondo de cultura económica, 1965
- BARTHES, Roland, La cámara lúcida, Barcelona, Paidós comunicación, 1999
- GOMBRICH, Ernst, Arte e ilusión, Barcelona, Gustavo Gili, 1982
- HOFFMAN, Donald D., Inteligencia visual. Cómo creamos lo que vemos, Barcelona, Paidós, 2000

Referencias básicas (Perspectiva)

- ANDROUET du CERCEAU, JACQUES. Lecciones de perspectiva positiva. Ed. Xarait, Madrid, 1980.
- ARCAS, SANTIAGO y JOSÉ FERNANDO, GONZÁLEZ, ISABEL. Perspectiva para principiantes. Ed. Köneman, 2003.
- BÄRTSCHI, WILLY A. El estudio de las sombras en perspectiva. Ed. Gustavo Gili, 1982.
- DAMISCH, HUBERT. El origen de la perspectiva. Alianza Forma. Ed. Alianza, 1997.
- DE SIMONI, LUIGI e PIERO. Spazio prospettico. Ed. Roma Bonacci, 1976.
- GONZALO GONZALO, JOAQUÍN. Iniciación a la perspectiva cónica. Prácticas de dibujo técnico. Ed. Donostiarra, 1992.
- NAVARRO DE ZUBILLAGA, JAVIER. Imágenes de la perspectiva. Ed. Siruela, 1996.
- NAVARRO DE ZUBILLAGA, JAVIER. Mirando a través. La perspectiva en las artes. Ed. Serbal, 2000.

Referencias complementarias (Percepción visual)

- BARLOW, Horace, Qué ve el cerebro y cómo lo entiende, en VVAA, Imagen y conocimiento. Cómo vemos el mundo y cómo lo interpretamos, Barcelona, Crítica, Grijalbo-Mondadori, 1994
- BARTHES, Roland, La Torre Eiffel. Textos sobre la imagen, Barcelona, Paidós, 2001
- BERNARD, Yvonne, GOTTESDIENER, Hana & HERROU, Michel, Los espacios arquitectónicos, en Psicología del arte y de la estética, Madrid, Akal.
- BLAKEMORE, Colin, La comprensión de las imágenes en el cerebro, en VVAA, Imagen y conocimiento. Cómo vemos el mundo y cómo lo interpretamos, Barcelona, Crítica, Grijalbo-Mondadori, 1994
- DUQUE, Félix, La Mépolis, Bit City, Old City, Sim City, en La arquitectura de la no-ciudad, Pamplona, Universidad pública de Navarra, 2004
- FONT, Domènec, Paisajes de la modernidad: cine europeo, 1960 - 1980, Barcelona, Paidós, 2002
- GAUTHIER, Guy, Veinte lecciones sobre la imagen y el sentido, Madrid, Cátedra, 1992
- MALDONADO, Tomás, Lo real y lo virtual, Barcelona, Gedisa, 1994
- MONEO, Rafael, Seis apuntes discontinuos sobre la ciudad, en La arquitectura de la no-ciudad, Pamplona, Universidad pública de Navarra, 2004
- NOGUÉ, Joan (ed.), El paisaje en la cultura contemporánea, Madrid, Biblioteca Nueva, 2008
- NOGUÉ, Joan (ed.), La construcción social del paisaje, Madrid, Biblioteca Nueva, 2007
- TORÁN, L. Enrique, El espacio en la imagen, Barcelona, Mitre, 1985
- WALKER, J.A. & CHAPLIN, Sarah, Leer imágenes, en Una introducción a la cultura visual, Barcelona, Octaedro-Eub, 2002

11. OBSERVACIONES / RECOMENDACIONES

- DISCIPLINAS CON CONTIDOS PROGRESIVOS: Para ser avaliado nesta disciplina, hai que ter aprobadas as disciplinas anteriores coa mesma denominación.
- Os exames e entregas deberán axustarse aos prazos e hora indicados pola profesora da materia ou Xefatura de Estudos, o seu non cumprimento implicará a non superación destes.

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID-19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala.

Para o caso da avaliación non presencial de toda a disciplina, as **ferramentas e actividades de avaliación** serían as que seguen:

Avaliación continua ordinaria		
Ferramentas/actividades de avaliación	Competencias avaliadas	Ponderación
Traballo de aula escaneado ou fotografado.	T1, T6, T8, T15, T17, X3, X4.	60%
Traballo autónomo escaneado ou fotografado.	T13, X5, X6, EE1, EE2, EE3, EE5.	40%
Avaliación continua extraordinaria		
Ferramentas/actividades de avaliación	Competencias avaliadas	Ponderación
Traballo de aula escaneado ou fotografado suspenso ou non presentado.	T1, T6, T8, T15, T17, X3, X4.	60%
Traballo autónomo escaneado ou fotografado	T13, X5, X6, EE1, EE2, EE3, EE5.	40%

suspense ou non presentado.		
-----------------------------	--	--

Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua

Ferramentas/actividades de avaliación	Competencias avaliadas	Ponderación
Traballo de aula escaneado ou fotografado.	T1, T6, T8, T15, T17, X3, X4.	25%
Traballo autónomo escaneado ou fotografado.	T13, X5, X6, EE1, EE2, EE3, EE5.	25%
Exame práctico por videoconferencia.	T13, X5, X6, EE1, EE2, EE3, EE5	50%

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.

AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INSTRUCCIÓN QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).

12. OUTROS

- O alumnado que perda o dereito á avaliación continua será avaliado segundo o procedemento que se establece na programación docente anual.